



Concello de Vigo

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **7 de novembro de 2014**, adoptou o seguinte acordo:

5.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN DIVERSOS ACCESOS, RÚAS E CAMIÑOS DE VIGO. EXPTE. 2504/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 31/10/14, da secretaria da Mesa de Contratación, fiscalizado o 05/11/14 que di o seguinte:

"LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación das obras de "mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en: accesos ao pavillón municipal de Coruxo e no camiño Gándara – Coruxo; San Cosme – Zamáns; rúa Atlántida – Alcabre; rúa en trada a Balsa – Matamá; rúa Bravo - Navia; camiño Oia e np camiño Rozo – Oia; rúa Eira Bella – Saiáns; subida a Rola – San Roque; estrada Marco – Sárdoma e camiño Pinguela – Valladares" (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do extraordinaria e urxente do día 15 de outubro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento aberto para a contratación das obras de "MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN: ACCESOS AO PAVILLÓN MUNICIPAL DE CORUXO E NO CAMIÑO GÁNDARA – CORUXO; SAN COSME – ZAMÁNS; RÚA ATLÁNTIDA – ALCABRE; RÚA EN TRADA A Balsa – MATAMÁ; RÚA BRAVO - NAVIA; CAMIÑO OIA E NP CAMIÑO ROZO – OIA; RÚA EIRA BELLA – SAIÁNS; SUBIDA A ROLA – SAN ROQUE; ESTRADA MARCO – SÁRDOMA E CAMIÑO PINGUELA – VALLADARES" (exped 2504-440), no seguinte orde decrecente:

1	COPCISA	89,38
2	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU	88,91
3	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S A	87,32
4	NAROM S L	85,05
5	STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S L	79,77
6	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S A	73,37
7	CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S A	53,38
8	NATURGALIA, S L	39,83

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COPCISA, S.A. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 13 a) das FEC.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FECles se comprometeu na súa oferta.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.000 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 17 de outubro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 24 de outubro de 2014, dentro do prazo sinalado. Revisada a documentación na sesión da Mesa de data 30 de outubro de 2014, se comproba que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Á vista dos informes do xefe de Área de Fomento de data 22-09-2014, 25-09-2014 e 09-10-2014, valorando os criterios non avaliábeis mediante fórmula, avaliábeis mediante fórmula e establecendo a puntuación final, a oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por COPCISA, S.A. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

"Adxudicar a COPCISA, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de "mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en: accesos ao pavillón municipal de Coruxo e no camiño Gándara – Coruxo; San Cosme – Zamáns; rúa Atlántida – Alcabre; rúa entrada a Balsa – Matamá; rúa Bravo - Navia; camiño Oia e np camiño Rozo – Oia; rúa Eira Bella – Saiáns; subida a Rola – San Roque; estrada Marco – Sárdoma e camiño Pinguela – Valladares" (expediente 2504-440) por un prezo total de 342.272,70 euros (IVE incluído), sendo o prezo de execución de cada un dos proxectos (IVE incluído) o seguinte:

- *Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en accesos ao pavillón municipal de Coruxo e no camiño Gándara: 83.853 euros.*
- *Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en San Cosme: 49.549,50 euros.*
- *Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en rúa Atlántida – Alcabre: 38.115 euros.*
- *Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en Entrada a Balsa: 22.869 euros.*
- *Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en rúa Bravo - Navia: 12.959,10 euros.*
- *Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura no camiño Oia e Rozo: 22.869 euros.*
- *Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura na rúa Eira Bella – Saiáns: 22.869 euros.*
- *Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura na subida a Rola – San Roque: 38.115 euros.*
- *Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura na estrada Marco – Sárdoma: 20.582,10 euros.*
- *Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura no camiño Pinguela – Valladares: 30.492 euros.*

Oferta un incremento do prazo de garantía de 54 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a dez de novembro do ano dous mil catorce.



V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.